

INFORME FINAL PLAN DE ACCIÓN TITORIAL DO GRAO EN QUÍMICA**CURSO 2012-13**

No marco das **accións de organización comúns**, o Plan de Acción Titorial do Grao en Química para o curso 2012-13 foi aprobado pola Xunta de Facultade do centro o 2 de maio de 2012. A continuación, solicitouse a colaboración do profesorado como tutores/as do estudiantado e, entre as solicitudes recibidas, seleccionáronse quince profesores/as con docencia no Grao en Química.

A entrada en funcionamento da parte do PAT referida á titorización directa sufriu un considerable retraso debido a que se agardou polos estudantes de primeiro curso que se incorporaron á titulación nos últimos prazos de matrícula. En consecuencia, a presentación do plan aos tutores/as e a asignación de estudantes a tutores/as non se realizou ata o mes de novembro. E, por conseguinte, no primeiro cuadrimestre non foi posible realizar apenas seguimento do desenvolvemento académico dos estudantes.

Para a avaliación final do PAT, realizouse unha reunión cos tutores/as tras a finalización da convocatoria extraordinaria de exames de xullo. Adicionalmente, os tutores/as entregaron á coordinadora do PAT toda a documentación recompilada ao longo do curso académico.

Compre destacar os seguintes aspectos:

- Na avaliación final do PAT participaron unicamente o 67% dos tutores/as.
- O 40% dos tutores/as non entregou a documentación requirida no plan.

Os cuestionarios de satisfacción do profesorado participante (8 cuestionarios) mostran as seguintes opinións:

- Demasiado retraso na asignación de tutores a estudantes e no comezo do proceso de titorización (33%).
- Preferible, para facilitar a relación titor/a – estudante, que o titor/a sexa docente do curso do estudante (22%).
- Escasa participación do estudiantado (33%).
- Organización deficiente (33%).
- Pouca utilidade (44%).

Unicamente unha pequena porcentaxe dos estudantes participaron nos procesos de titorización (27%). E unha porcentaxe aínda máis pequena (4%) respondeu ao cuestionario. As respostas a estes cuestionarios mostran un elevado grao de satisfacción co PAT por parte do estudiantado, aínda que o dato non resulte significativo debido ao escaso nivel de participación.

No marco das **accións de acollida** planificadas no PAT, o día 2 de setembro de 2012 levouse a cabo o acto de benvida ao estudiantado de primeiro curso. Nese acto se lle ofreceu ao

estudante información acerca da universidade, do centro, do plan de estudos e dos diferentes servizos dispoñibles. Adicionalmente, fíxose entrega dun “paquete de acollida” por estudante, cuxo contido incluía: os planos das instalacións da Facultade, o cronograma detallado de clases do curso 2012-13, un caderno de laboratorio, unhas gafas de seguridade e unha memoria pen-drive. O estudantado completou unha pequena enquisa acerca das materias cursadas no bacharelato e as súas preferencias á hora de elixir os estudos universitarios. Achégase, como **Anexo I**, a análise de resultados das enquisas realizada polo coordinador de primeiro curso de Grao.

No referido ás **accións de apoio á formación**, cada titor/a celebrou varias reunións co seu grupo de estudantes e, nalgúns casos, tamén algunha reunión individual.

Os grupos de estudantes de primeiro curso fixeron un seguimento desigual do PAT. De xeito que algúns titores/as tiveron unha participación importante do estudantado nas reunións, mentres que, noutros casos, a participación dos estudantes foi moi reducida. Isto pode relacionarse, polo menos en parte, coa presenza no grupo de estudantes procedentes das PAU de setembro e/ou de estudantes que finalmente abandonaron a titulación.

Nestas reunións, os estudantes puxeron de manifesto a existencia de algúns problemas no desenvolvemento do curso, que foron postos en coñecemento do coordinador de curso polos correspondentes titores/as. Como resultado das demandas de formación adicional na ferramenta Excel, manifestadas por algúns estudantes de primeiro curso nas reunións de titorización, o equipo decanal, xunto co coordinador de curso, organizou unha xornada formativa na aula de informática dirixida a estes estudantes.

A maior parte do estudantado dos cursos segundo, terceiro e cuarto non participou de xeito efectivo no PAT. Os intentos por parte dos titores/as de conseguir a súa asistencia ás reunións, ou a simple resposta ás comunicacións enviadas por correo electrónico, resultaron infrutuosos en moitos casos.

A varios estudantes se lles recomendou acudir ao Gabinete Psicopedagóxico para recibir asesoramento acerca de técnicas de estudo.

Finalmente, no marco das **accións de orientación e orientación profesional**, leváronse a cabo diferentes actividades que se detallan a continuación:

- Os días 31 de xaneiro e 1 de febreiro desenvolveuse na Facultade un taller titulado *As claves na procura de emprego*, dirixido ao estudantado de terceiro e cuarto curso de Grao, no que unha experta en recursos humanos traballou cos estudantes diferentes aspectos relacionados coa busca de emprego, a elaboración e defensa do CV e a preparación e actitude na entrevista de traballo.
- O día 5 de febreiro celebrouse unha xornada informativa dirixida ao alumnado de terceiro curso de Grao coa finalidade de darlles a coñecer as súas opcións de mobilidade nos estudos, así como aspectos importantes da realización do Traballo de Fin de Grao ou

outras cuestións de interese, como as bolsas de colaboración en departamentos universitarios.

- Posteriormente, o 17 de abril de 2013, celebrouse outra reunión co alumnado de cuarto curso de Grao, na que se lles informou detalladamente das distintas opcións de continuación de estudos.

Como valoración final, pódese concluír que, na parte correspondente ás accións de apoio á formación, o PAT do Grao en Química do curso 2012-13 non mostra un resultado satisfactorio debido, en boa medida, á falta de implicación do estudantado nas actividades de titorización. O retraso no comezo destas actividades tamén debe considerarse un factor que ten influído negativamente.

Como accións de mellora, de cara á elaboración dun novo Plan de Acción Titorial, propóñense as seguintes:

- Realización dunha sesión de presentación do PAT ao estudantado de primeiro curso durante o acto de benvida organizado pola Facultade.
- Realización de sesións de presentación do PAT ao estudantado do resto de cursos do Grao, coa finalidade de incentivar a súa participación no plan.
- Comezo das actividades de titorización ao inicio do curso académico.
- Asignación como tutores/as de profesores/as con docencia no mesmo curso académico no que o/a estudante se atopa matriculado.
- Realización de reunións de seguimento e coordinación cos tutores/as ao longo do curso académico.

Achégase, como **Anexo II**, a ficha para a avaliación do PAT.

En Vigo, a 19 de xullo de 2013

A Coordinadora do PAT



Beatriz Iglesias Antelo

Anexo I

Informe de resultados das Enquisas de Ingreso na Facultade de Química Curso 2012-13

Preséntanse os resultados das enquisas realizadas aos alumnos de novo ingreso na Facultade de Química no curso 2012-13. O modelo de enquisa aparece incluído como Anexo II neste documento. As preguntas seleccionáronse para determinar, nos alumnos de ingreso no Grao en Química, os seguintes aspectos:

1º A súa procedencia (provincia, cidade e centro).

2º O seu coñecemento previo desta Facultade


3º O seu perfil de ingreso. Neste caso tentouse determinar, xunto ás materias cursadas no bacharelato (especificamente no último ano), o seu interese pola titulación (orde de prelación desta titulación na súa solicitude de preinscrición) e as súas expectativas de futuro.

Procedemento

A enquisa realizouse nas xornadas de acollida ao novo alumnado que tiveron lugar o día 3 de setembro (no caso dos alumnos de acceso posterior ao comezo do curso, isto fíxose a medida que se ían incorporando ao centro). Deste xeito acadáronse 68 enquisas cubertas, o que é representativo do curso (68 de 77 estudantes). A enquisa foi anónima.

Resultados

1º **Procedencia do alumnado:** Na enquisa se preguntou directamente pola orixe do alumno e os resultados, incluíndo o centro de orixe, aparecen listados no Anexo I. No seguinte cadro englobábase por provincias, aínda que se especifican os centros urbanos no caso da provincia de Pontevedra. Compre destacar que practicamente o 75% do alumnado procede desta última provincia, e, na súa meirande parte, da propia cidade de Vigo ou proximidades. Os alumnos procedentes das provincias da Coruña e




Lugo probablemente teñan ingresado nesta Facultade como resultado da forte demanda na Facultade de Química da USC, que provocou o peche da titulación no prazo de matrícula de setembro.



Pola outra banda, comprende subliñar o baixo número de estudantes con procedencia na provincia de Ourense, especificamente ningún da propia capital, aínda que tamén se observa un alto número de ingresos con orixe no IES Lagoa de Antela de Xinzo de Limia.

2º **Coñecemento da Facultade:** A meirande parte dos estudantes (70%) nunca antes tiñan visitado esta Facultade de Química, nin ningunha outra. Unicamente o 50% dos que estiveron algunha vez nunha Facultade de Química antes da matrícula o fixeron participando en visitas organizadas e concertadas co centro. Aínda que os resultados non reflicten unha especial incidencia das actividades de difusión da Facultade na captación de estudantes, deberíase considerar unha análise cruzada para, por exemplo,

determinar ata que punto son importantes as visitas ao centro para orientar a decisión de estudar o Grao en Química en primeira opción, e acumular mais datos de enquisas antes de tomar algunha decisión respecto a estas actividades.



3°) **Perfil de ingreso:** Para determinar o perfil de ingreso seleccionáronse preguntas referentes ao tipo de bacharelato cursado así como ás materias escollidas en 2° curso. Por outra parte, preguntouse directamente se o Grao en Química da Universidade de Vigo foi a primeira opción de ingreso nos estudos universitarios.




Practicamente o 70% dos estudantes escolleron como 1ª opción a titulación de Grao en Química, o que implica un alto grao de motivación pola titulación.

Máis do 67% dos estudantes decidiron estudar o Grao en Química motivados, ben pola Química estudada no bacharelato, ou ben pola existencia previa dun interese por esta disciplina. Así, cabe concluír que a meirande parte dos alumnos están motivados ou tiveron resultados satisfactorios no seus estudos de Química no Bacharelato.

Desafortunadamente, detectouse unha falta de precisión no deseño da pregunta respecto ao tipo de Bacharelato cursado, xa que se deixou a resposta aberta (11 alumnos responden Científico-Tecnolóxico e 9 Ciencias da Saúde, pero a maioría responden Ciencias ou Científico, sen precisar). Compre, polo tanto, no futuro, mellorar o formulario neste sentido.

Máis precisa resultou a determinación da experiencia do estudante de ingreso nas materias de primeiro curso do Grao. No seguinte gráfico se representa o número de alumnos que cursaron no 2º curso de Bacharelato as materias de primeiro de Grao (entre paréntese se indica o número de contestacións

afirmativas). Cabe destacar o baixo número de alumnos que cursaron Física (apenas superior ao de Xeoloxía), mentres case todos eles estudaron Química e Matemáticas (confirmando a motivación detectada nas preguntas anteriores).



Vigo, 19 de Decembro do 2012

Jose Manuel Hermida Ramón
Coordinador 1º Curso do Grao en Química

ANEXO I: Procedencia dos estudantes de novo ingreso no Grao en Química no curso 2012-13

Procedencia: Vigo

Nome do centro de procedencia	Nº de estudantes
IES Castro	7
IES Santa Irene	6
Santo Tomé de Freixeiro	2
Coruxo	2
Castelao	2
Beadé	2
Apostol Santiago	2
CE Povisa	1
A Guía	1
Auga da Laxe	1
Carmelitas	1
Salesianos	1
Ricardo Mella	1
Álvaro Cunqueiro	1
Manuel Antonio	1
Miralba	1
Alexandre Bóveda	1
Amor de Dios	1
Marcote	1

Procedencia: entorno de Vigo

Municipio. Nome do centro	Nº de estudantes
Cangas. IES Rodeira	2
Nigrán. Val Miñor	2
Redondela. Mendiño	2
Redondela. Pedro Florianí	1
Tui. San Paio	2
Porriño. Pino Manso	1
Bueu. Manuel Antonio	1
Ponteareas. Val do Tera	1

Soutomaior	1
Forcarei. Chano Piñeiro	1
A Guarda. Sangriña	1
Pontevedra. Xunqueira II	1
Pontevedra. Sánchez Cantón	1

Procedencia: provincias Pontevedra, A Coruña e Lugo

Municipio. Nome do centro	Nº de estudantes
Caldas de Reis	1
Rianxo	1
Vilagarcía de Arousa	1
Santiago. San Clemente	1
Santa Comba. Terras do Xallas	1
Monforte de Lemos. Río Cabe	1
Lugo. Muralla Romana	1
Sarria. Alonso Gómez	1

Procedencia: provincia de Ourense

Municipio. Nome do centro	Nº de estudantes
Xinzo de Limia. IES Lagoa de Antela	5
Ourense. Salesianos	1
Verín. Chivite	1

Procedencia: outros

Cidade	Nº de estudantes
Göttingen	1

ANEXO II: Formulario da enquisa

Universidade de Vigo

Facultade
de Química

Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 550
Fax 986 812 556

quimica.uvigo.es
decanatoquimica@uvigo.es

Enquisa de ingreso na Facultade de Química

Curso 2012/13

1.- Centro de orixe: _____

2.- Cidade: _____

3.- Provincia: _____

4.- Modalidade de Bacharelato: _____

5.- ¿Visitaches algunha Facultade de Química anteriormente? SI NON

Si a resposta é NON, continúa coa pregunta 6.

5.1.- Marca a situación que describe mellor a túa anterior visita:

Participei nunha visita concertada polo meu instituto coa Facultade de Química da Universidade de Vigo.

Participei nunha visita concertada pola Universidade de Vigo para estudantes de bacharelato (SIOPE).

Visiteina cun amigo, compañeiro ou familiar vinculado á Facultade de Química da Universidade de Vigo.

Visitei outra Facultade de Química noutra universidade.

Outras, describir: _____

6.- Marca as materias que cursaches en 2º de bacharelato:

Física Matemáticas Química Bioloxía

Ciencias da Terra e do Medio Ambiente

7.- Os estudos de Grao en Química foron a túa 1ª opción das titulacións a estudar na Universidade de Vigo:

SI NON

8.- ¿Cal é o factor principal que te decidiu a cursar o Grao en Química?

O meu profesor de Química no bacharelato.

O programa de estudos de Química no bacharelato.

Sempre sentín interese pola Ciencia e en particular a Química.

As saídas laborais asociadas á Química.

Outras, describir: _____

Anexo II

Ficha para a Avaliación do PAT					
Grao de Cumprimento do PAT respecto ao Planificado					
Bloque 1					
Actividade	<i>(Marcar cunha X)</i>			Xustificación	Nº de Asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Organización do PAT			X		
Sesión de presentación			X		12
Análise e avaliación final do PAT		X		Limitada participación por parte dalgúns titores/as	9
Bloque 2					
Actividade	<i>(Marcar cunha X)</i>			Xustificación	Nº de Asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Acto de benvida		X		Celebrouse para o alumnado de 1º curso unicamente.	
Sesións informativas		X		Realizouse a presentación da Biblioteca unicamente.	
Bloque 3					
Actividade	<i>(Marcar cunha X)</i>			Xustificación	Nº de Asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Reunión grupal titores-alumnos		X		Escasa participación de parte do estudiantado.	
Reunión individual		X		Escasa participación de parte do estudiantado.	
Sesións de seguimento		X		Escasa participación de parte do estudiantado.	
Atención á diversidade			X		

Bloque 4					
Actividade	<i>(Marcar cunha X)</i>			Xustificación	Nº de Asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Sesións informativas			X		
Sesión informativa cos egresados da titulación	X			Non foi posible organizalo.	
Sesión informativa con asociacións profesionais	X			Non foi posible organizalo.	
Conclusións					
<ul style="list-style-type: none"> • A participación dalgúns titores/as nas accións de avaliación do plan foi moi limitada ou nula. Deberá incentivarse esta participación a través da convocatoria de reunións de coordinación e seguimento do plan ao longo do curso académico. • Algunhas das actividades inicialmente previstas non puideron ser organizadas. Deberá realizarse unha planificación realista de actividades no próximo PAT. 					

Ficha para a Avaliación do PAT				
Grao de Consecución dos Obxectivos				
Obxectivos Xerais				
Obxectivo	<i>(Marca cunha X)</i>			Xustificación
	Non Logrado	Parcialmente logrado	Logrado	
Establecer a titoría e a orientación profesional na universidade como modo de diversificar a axuda educativa ao estudante durante o seu paso pola universidade.		X		Escasa participación do estudiantado
Establecer un sistema de información, orientación, e seguimento académico para os estudantes mediante a asignación dun profesor-titor.			X	Asignáronse titores/as ao estudiantado do Grao
Motivar unha participación activa do alumnado nos distintos aspectos da vida universitaria.	X			Non hai evidencias
Ampliar a información que os estudantes teñen sobre a Universidade, os servizos que ofrece, os proxectos nos que poden participar, as bolsas ás que poden optar, etc.		X		Escasa participación do estudiantado
Potenciar a capacidade de aprendizaxe autónomo do estudante e as posibilidades de traballo colaborativo e en equipo.	X			Este obxectivo non parece alcanzable por esta vía
Entender a función do profesor como a dun axente que orienta e guía a aprendizaxe do estudante para lograr progresivamente a regulación e xestión autónoma do mesmo.	X			Este obxectivo non parece alcanzable por esta vía
Conclusións				
<ul style="list-style-type: none"> • Algúns dos obxectivos inicialmente previstos non parecen alcanzables por esta vía. Debe revisarse a planificación de obxectivos do PAT. • A escasa participación dos/as estudantes motiva os pobres resultados. 				

Ficha para a Avaliación do PAT				
Grao de Consecución dos Obxectivos				
Obxectivos Específicos				
Obxectivo	<i>(Marca cunha X)</i>			Xustificación
	Non Logrado	Parcialmente logrado	Logrado	
Fomentar a implicación dos estudantes na xestión do Centro.	X			Non hai evidencias
Mellorar a satisfacción dos estudantes coa formación recibida.		X		Escasa participación do estudiantado
Dar cobertura ás necesidades de apoio formativo dos alumnos.		X		Actividades formativas realizadas
Conclusións				
<ul style="list-style-type: none"> • Non parece terse conseguido fomentar a implicación dos estudantes na xestión do centro, xa que non existen evidencias que o xustifiquen. • Algúns estudantes móstranse satisfeitos coa formación recibida, aínda que a participación foi moi escasa. Deberá incentivarse a participación estudiantil nas actividades do PAT. • A través do PAT puideron canalizarse as demandas de formación adicional manifestadas por un sector do alumnado. 				

Ficha para a Avaliación do PAT

Avaliación dos Indicadores

Indicador	<i>(Marca cunha X)</i>			Xustificación
	Empeorou	Mantívose	Mellorou	
Alumnos matriculados totais no centro				
Egresados				
Taxa de graduación				
Taxa de abandono				
Taxa de eficiencia				

Conclusións

- Non hai datos que permitan avaliar estes aspectos.